

DEFINICIÓN DE TERMOS

TEMA 2. A ESPAÑA MEDIEVAL (711-1474)

Mozárabe: Cristián que, nos séculos medievais, vivía en territorio musulmán en al-Ándalus. A cambio de conservar a súa fe e os seus costumes, tiñan que pagar un imposto especial polo que moitos foron desprazándose cara ao norte, aos territorios controlados polos reis cristiáns, ou foron converténdose ao Islam (muladí).

Taifas: Reinos independentes que xurdiron da desmembración do califato de Córdoba en 1031. Estaban dominados polas oligarquías locais ou polos xefes militares das principais cidades de al-Ándalus. Enfrontados entre si, as súas fronteiras flutuaron continuamente e o seu poder foi cada vez máis débil, sendo incapaces de facer unha fronte común ante os ataques cristiáns. O derradeiro reino taifa foi o de Granada, conquistado en 1492 polos Reis Católicos, dando así fin á chamada *Reconquista*.

Marca hispánica: Territorio controlado nos séculos VIII e IX polos emperadores e reis dos francos (Carlomagno, Luís o Piadoso, Carlos o Calvo) ao sur dos Pirineos, formando a fronteira entre o Imperio carolinxo e al-Ándalus. Comprendía inicialmente os condados de Pamplona, Aragón, Sobrarbe, Ribagorza, Pallars, Urgel, Cerdaña, Besalú, Ampuries, Vic, Xirona e Barcelona. Estivo gobernada por condes designados polos monarcas francos, pero ao longo do século IX foron tendo unha crecente autonomía ata crear condados e reinos independentes.

Presura: Forma inicial de repoboación organizada polos cristiáns a partir de finais do século VIII para ocupar as terras ermas, pouco poboadas ou que se ían reconquistando aos musulmáns. Os reis autorizaban a establecerse nun determinado territorio, que pasaba a ser propiedade de quen o ocupase e explotase. Houbo dúas modalidades: a oficial, desenvolvida polo rei ou polos seus delegados, e a privada, efectuada por nobres, eclesiásticos ou familias de campesiños libres.

Carta de poboamento: Documento polo que os monarcas e os señores laicos e eclesiásticos concedían na época medieval privilexios forais a quen se establecese en determinados lugares ou cidades coa finalidade de atraer poboación e repoboar os territorios que estaban despoboados ou que se ían reconquistando aos musulmáns. En Galicia, os monarcas Fernando II e Afonso IX foron os que máis potenciaron a fundación ou repoboación de núcleos urbanos concedendo numerosos privilexios aos seus habitantes.

Manso: Unidade de explotación familiar (casa e terras de cultivo) que o señor feudal cedía en usufruto a un colono libre ou a un servo a cambio de certas prestacións e censos. Xunto coa reserva señorial constituían os elementos básicos de explotación dos feudos na Alta Idade Media.

Mesta: Organización dos gandeiros do reino de Castela fundada en 1273 polo rei Alfonso X. Estaba rexida polo Consello da Mesta, que chegou a ser unha poderosa institución ao servizo dos grandes gandeiros e da propia Coroa, que se beneficiaba das taxas pagadas pola exportación da lá. Os privilexios dos gandeiros orixinaron numerosos conflitos cos agricultores ata que a Mesta foi abolida en 1836.